


Unha epopea histórica

NOVELA Un rei da Galiza protagoniza esta novela cabaleiresca traducida ao galego por Henrique Harguindey.

Camiño Noia Texto

Na década dos anos oitenta, Méndez Ferrín dera noticia na prensa da existencia da obra medieval francesa *Roman de Ponthus* protagonizada por un rei de Galicia, e propuxera traducila ó galego. Unha proposta que dez anos máis tarde, con motivo da publicación en Francia dunha edición crítica da obra, volveu facer. Mais ninguén ata agora se fixera cargo da encomenda.

Foi Henrique Harguindey quen fixo a versión galega do *Roman de Ponthus* que publica co título de *Historia do nobre Ponto, que foi rei de Galiza e de Bretaña* dentro da fermosa colección Vétera da editorial Rinoceronte, que tanto e bo labor está a facer no ámbito da tradución, dándonos a oportunidade de ler narrativa en galego non traducida ó español. Trátase dunha magnífica tradución que grazas ó bo facer do avezado tradutor que é Harguindey, non só non produce a fatiga propia da prosa medieval senón que resulta de gozosa lectura. Ademais, o libro leva un ilustrativo limiar do tradutor no que conta a orixe, historia e as características da obra francesa aclarando algún dos interrogantes que poida ter quen se interese polo libro.



Historia do nobre Ponto que foi rei de Galiza e de Bretaña
Henrique Harguindey (trad.)
Rinoceronte, 2016

A *Historia do nobre Ponto* é un relato cabaleiresco que se inscribe na chamada materia de Bretaña. Unha obra escrita a fins do século XIV en prosa francesa versionando un texto en verso anglonormando do século XII, *Roman de Horn e de Rimenhild*, coa que garda grandes diferenzas. A obra francesa conta unha historia de aventuras, na que Ponto, fillo do rei Tiber de Galicia, representa o héroe cristián dotado de todas as virtudes. Atacada A Coruña polos musulmáns que asasinan o rei, Ponto é axudado por un garda do reino a fuxir por mar con outros catorce rapaces da nobreza galega. O barco chega

ás costas de Bretaña e os rapaces son acollidos polo rei bretón, amigo de Tiber, co que di que intercambiaba viños galegos por mercadorías bretoas. Ponto e Sidonia, a filla do rei de Bretaña, namóranse e aí comezan as aventuras e desventuras da parella causadas por outro namorado de Sidonia. Mais, como requería o guión deste tipo de historias, despois de probar as súas calidades de bo cristián en todas as fronteas, Ponto reconquista o reino de Galicia ós musulmáns e casa coa princesa Sidonia, chegando a ser rei de Galicia e Bretaña. O *Roman de Ponthus* é unha historia do gusto da época na que se mesturan aventuras fantásticas cunha historia amorosa que tiña un claro obxectivo de defender o cristianismo, facendo dos seguidores de Roma personaxes dotados de virtudes fronte ós malignos infieis musulmáns. A obra tivo moito éxito e axiña se espallou por toda Francia en vinte e tres manuscritos e varias edicións; e foi traducida ó inglés, ó alemán (vinte e dúas edicións) e ó neerlandés.

Harguindey pregúntase pola razón de que o *Roman de Ponthus* estea protagonizada por un rei de Galicia, sendo que na segunda metade do século XIV o noso país dependía da coroa de

Castela. E respóndese explicando que naquela época Galicia “estaba no primeiro plano da actualidade europea e tiñan lugar negociacións a alto nivel sobre o título do rei de Galiza”. O país galego parece, pois, que era moi coñecido fóra da Hispania, non só pola importancia do Camiño de Santiago senón polo protagonismo dos nobres galegos na política europea. E sendo así, por que non se traduciu ó galego unha obra que falaba do noso reino dado que daquela se fixeron traducións doutras obras menos significativas para Galicia, como o *Roman de Troie*, do que temos dous manuscritos, ou o *Livro de Tristán*, unha suposta versión do *Tristán en prose*, do que só queda unha folia. E, como é sabido, nesa obra cóntase a azarosa historia amorosa de Tristán e Isolda mesturando episodios de ficción con historias bíblicas, algo semellante ó que sucede no *Roman de Ponthus* e ambas obras sitúan a narración en países celtas, a de Tristán en Cornualla, Irlanda e Bretaña, e de Ponto en Galicia e Bretaña. De maneira que, entre as posibles razóns de que o *Roman de Ponthus* non fose traducido ó galego, córréseme a de que non era unha obra politicamente correcta para a Coroa de Castela nun momento en que Xoán I trataba de consolidar o seu reino fronte a Portugal e ós reinos de Navarra e de Aragón. E chama a atención que, sendo traducida a varias linguas do norte de Europa, a obra non tivese tradución a ningunha das linguas peninsulares. Que nobre castelán, aragonés, navarro ou mesmo portugués financiaría a versión dunha obra que falaba de Galicia como reino independente? Caería na inimidade do rei castelán.



Para Galicia, que non dispón dunha epopea que cante as fazañas dun heroe galego, a *Historia...* vén cubrir este baleiro. Unha obra na que Galicia é un reino independente recoñecido polos veciños do Atlántico, que exalta as virtudes e o valor dun rei enfrontado a perigosas e complicadas aventuras contra os inimigos da Fe.

Para Galicia, que non dispón dunha epopea que cante as fazañas dun heroe galego, a *Historia do nobre Ponto que foi rei de Galiza e de Bretaña* vén, aínda que sexa en parte, cubrir ese baleiro. Unha obra na que Galicia é un reino independente recoñecido polos veciños do Atlántico, que exalta as virtudes e o valor dun rei virtuoso enfrontado a perigosas e complicadas aventuras contra os inimigos da Fe. E podémola ler en galego grazas ó demorado e preciso labor de tradución de Henrique Harguindey. Unha obra que saboreando o pracer do texto galego nos permite ler a narración de relatos que entretiveron o lecer de boa parte da nobreza e das clases populares europeas,

Parabéns, pois, ó tradutor e á editorial Rinoceronte por poñer nas mans do lectorado galego unha obra tan significativa.

A vinganza dos esquecidos


BANDA DESEÑADA O último volume de Miguelanxo Prado utiliza o xénero policial para contar a estafa das preferentes.

Xoana Santos, Estela Suárez Recouso **Texto**

Presas fáciles é unha das últimas novidades en novela gráfica que podemos atopar en galego en *El Patito Editorial*. O seu autor, Miguelanxo Prado, é un destacado debuxante e escritor, cun estilo propio e facilmente recoñecible, que xa nos deleitou con grandes obras coma *Trazo de Xiz* ou *Ardalén*.

Nesta nova historia, volvemos atopar, como en *Ardalén*, persoas da terceira idade como protagonistas, unha etapa da vida que na literatura actual se adoita esquecer. Ademais as mulleres tamén xogan un papel importante na obra de Prado, desta volta atopámonos cunha inspectora de policía como protagonista, que vai ser quen leve todo o peso da acción.

A novela comeza cunhas instrucións de uso, onde se nos presenta o tema nunha especie de metarrelato onde fala de libros coma *A mensaxe que chegou nunha botella* de Jussi Adler-Olsen ou *A quinta testemuña* de Michael Connelly. Dúas novelas actuais de corte policial que tratan os problemas da crise e da especulación financeira desde a perspectiva dos afectados. Onde se demostra que son moitos os países afectados por eses problemas pero que as consecuencias sempre recaen sobre as clases economicamente máis vulnerables. Para a confección de *Presas fáciles*, o autor céntrase nas preferentes, as que define coma a culminación dun proceso que comezou anos antes coa orxía das hipotecas e dos préstamos en barra libre. En canto aos nomes das entidades bancarias que van ir aparecendo ao longo da novela, déixaos á imaxinación do lectorado, aínda que



Presas fáciles
Miguelanxo Prado
El Patito Editorial, 2016

Presas fáciles xunta unha boa historia ficcional a unha excelente calidade pictórica pero, ademais, dálle presenza a xentes maltratadas pola crise. Recórdanos as que non foron quen de resistir e acabaron afogando.

utiliza marcas facilmente identificables con certos bancos da nosa contorna, coma *Bancanova* ou *Caixatlántica*.

Comeza a historia cun debuxo de grande impacto, unha parella de anciáns mortos sobre unha cama e unha carta na cabeceira dirixida a un xuíz. A escena insírenos na investigación policial, cun ritmo frenético durante o cal van aparecendo mortas perso-

as que desempeñan diferentes cargos na xerarquía da banca.

A inspectora Porto, que se debate entre os seus ideais e a profesionalidade, xunto co seu axudante serán os encargados de unir todas as pezas dun crebacabezas para resolver quen é o responsable do crime. A historia remata cun final aberto, deixando cabos soltos, facendo así que o propio lectorado sexa quen dite sentenza.

Presas fáciles é, pois, unha novela policial, que en non poucas ocasións nos recorda certos seriais de sona da televisión. Mais Miguelanxo Prado dálle ó seu relato un toque máis humano, con un transfondo político e de xustiza social, onde non aparece con claridade quen son os antagonistas e as vítimas. Será o lectorado quen os identifique, axudados por escenas do pasado traídas polo *flash back* presente en toda a obra; técnica que axuda a reconstruír os casos e verificar probas e declaracións. Este recurso é facilmente identificable porque a imaxe adopta un ton máis claro e os textos non aparecen en bocadillos senón en recadros situados na parte superior das viñetas.

Os materiais utilizados para a confección da historia son documentos de hemeroteca, dos que nos di que desgraciadamente foron moi doados de atopar, pois hai moitos casos rexistrados de suicidios por causa de débedas coa banca e desafuzamentos.

Para describir a investigación policial, contou coa axuda dun comisario da Policía Nacional, ao que Prado mostra o agradecemento ao comezo da obra. Aínda así, descúlpase ante o lectorado por se atopa algunha inexactitude na historia ficcional respecto á

real, pois explica que atendeu máis á verosimilitude que á veracidade.

O uso do branco e negro na ilustración recórdanos a estética do cine negro. Outra das características que nos achegan ao mundo audiovisual son a exactitude na secuencia das viñetas, onde se nos mostran os puntos máis álxidos da trama, ou a boa selección de planos que, xunto con unha secuenciación detallada nos van inserir nunha estrutura propiamente cinematográfica.

En canto á técnica pictórica, trátase de acrílico, lapis e tinta sobre papel tinguido. Os debuxos contan cunha liña moi expresiva e fluída. Deseños que nos evocan a obra dos expresionistas Oskar Kokoschka e Egon Schiele polo seu trazo rápido e a semellanza nas expresións dos rostros dos personaxes. Outro dos artistas do que podemos ver reminiscencias no comic é do modernista Toulouse Lautrec.

Nas últimas páxinas aparece unha sección chamada 'apuntamentos' na que se nos presentan os esbozos das caras e os retratos finais da novela. Co tipo de trazo empregado nestes debuxos, os rostros dos personaxes creados por Miguelanxo Prado semellan estar sempre en movemento e salientan a súa psicoloxía coa viveza do debuxo. Entre os retratos identificamos a Inspectora Porto, protagonista da novela, que nos recorda a Sabela Rego Lamas, a protagonista de *Ardalén*.

Presas fáciles xunta unha boa historia ficcional a unha excelente calidade pictórica, pero, ademais, dálle presenza a xentes maltratadas pola crise. Recórdanos as 700.000 persoas afectadas polas preferentes e aquelas que non foron quen de resistir a presión e acabaron afogando.

Miguel Anxo Fernández


UN DENTE SEN CADÁVER



LITERARIA

Miguel Anxo Murado

LIBRO DE HORAS



LITERARIA

Xosé Monteagudo

TODO CANTO FOMOS



LITERARIA

Xerardo AgraFoxo

VIAXE Á ÚLTIMA REVOLUCIÓN



LITERARIA

Inma López Silva

AQUELES DÍAS
NOS QUE ERAMOS MALAS



LITERARIA

Xosé M. Núñez Seixas


O SOÑO
DA GALIZA IDEAL



MEMORIA


Ramón Otero Pedrayo

PARLADOIRO



BIBLIOTECA OTERO PEDRAYO

PEIXES E MARISCOS
AS RECEITAS DE
BENIGNO CAMPOS



De emigrados e exiliados

HISTORIA Emigrantes e exiliados non imaxinaron Galicia do mesmo xeito. Núñez Seixas repasa a visión de ambos colectivos sobre o país idealizado.

Gustavo Hervella García Texto

Este libro é unha recompilación de artigos publicados en revistas e libros especializados. O feito de mostralo ao gran público a través dunha editorial como Galaxia contribúe a dar a coñecer o significado e importancia do fenómeno migratorio para a construción da identidade galega máis aló dos especialistas e estudosos do tema. Núñez Seixas reflexiona sobre o fenómeno migratorio e o exilio a través do periplo profesional e vital de intelectuais que tiveron na emigración galega unha das súas preocupacións. De feito, só Rosalía de Castro á quen se lle dedica un capítulo, non emigrara, aínda que acabou converténdose na referente dos galegos alén mar.

Emigración e exilio son dous camiños que non sempre transcorren paralelos, cruzándose máis veces do que se supón. Cantos emigrantes económicos fuxiron dunha persecución encuberta, como o propio Blanco Amor da guerra de África? Cantos exiliados, que marcharan por temor á violencia franquista, se converten en emigrantes económicos que se apoian en familiares xa establecidos en América desde principios de século? As respostas a estas e outras preguntas están neste libro, a través dunha idea forza: a emigración como elemento construtor da identidade de Galicia, tanto para mal —Rosalía ou Castelao vían nela o principio dos males do país— como para ben —Blanco Amor e os exiliados entendíana como a última oportunidade de rexenerar Galicia—. Sexa como for, para todos trátase dun fenómeno que moldeou o imaxinario galego con mitos como o de Irlanda para os intelectuais nacionalistas, o da figura de



O soño da Galiza ideal. Estudos sobre exiliados e emigrantes galegos
Xosé Manoel Núñez Seixas
Galaxia, 2016



Rosalía de Castro, convertida na *Máter Gallaecia* ou América como a terra prometida tanto para os que querían mellorar economicamente como para os que fuxían das distintas violencias. Pola contra, a emigración dos anos 50-60 xa responde a outros parámetros, como puideron comprobar os nacionalistas da UPG ou os comunistas do PCE, incapaces de artellar estruturas antifranquistas estables.

Emigrantes e exiliados teñen o soño da súa Galicia ideal, non un lugar físico senón un espazo imaxinario, elaborado individualmente. Este traballo dános as claves para entender o porque desta disxuntiva, situando a emigración como un elemento fundamental nesa creación.

Emigración e exilio son dous camiños que non sempre transcorren paralelos, cruzándose máis veces das que se supón. Cantos emigrantes económicos fuxiron dunha persecución encuberta? Cantos exiliados, que marcharon por temor á violencia franquista, se converteron en emigrantes económicos?


Literatura dos corpos

POESÍA En libros como o de Emma Pedreira a literatura erótica é máis un campo de probas que un fin en si mesma.

María Xesús Nogueira **Texto**

A literatura galega alimenta de cando en vez polémicas un tanto estériles que teñen que ver co xurdimento ou acomodación dun determinado xénero ou tendencia considerada necesaria para unha *normalidade* talvez non tan necesaria. Unha delas, que regresa de maneira recorrente, é a da existencia –ou ausencia– dunha literatura erótica en galego. Máis que aventurar causas do infradesenvolvemento histórico desta literatura ten ao meu ver interese observar algunhas das propostas que están a forzar as regras do xénero e a estiralo en canto modelo. Os dous últimos libros premiados en certames que están a promover na actualidade a escritura da literatura erótica, Illas Sisargas e Narrativas Quentes, *A outra voz*, de Verónica Martínez Delgado e *Corazón e demais tripas*, de Emma Pedreira, así parecen demostralo. A literatura erótica non semella tanto un fin en si mesmo como un campo de probas.

Corazón e demais tripas constitúe unha boa mostra da vigorosidade, e tamén a diversidade, do discurso literario de Emma Pedreira. Aínda non sendo o erotismo nin a narrativa elementos alleos ao conxunto da súa obra, conxúgaos con mestría neste novo libro que ofrece unha colección de relatos só en aparencia inconexos pero que conforman un universo narrativo sólido. A sexualidade, a atracción o desexo son piares dunha obra que tematiza, na súa heteroxeneidade contraccanónica, esoutra columna das escrituras fundamentalmente poéticas dos noventa que foi o corpo: a deformidade, o corpo non normativo, a monstrosidade. Velaí a muller araña ou os personaxes do Little Circus Miniland.



Corazón e demais tripas
Emma Pedreira
Positivas, 2016

No seu afán de experimentación, o libro de Emma Pedreira combina unha tipoloxía textual que vai da noticia ou a carta ao microrrelato. Como o propio rótulo adianta, a autora xoga con habilidade cos títulos dos diferentes capítulos –“Como de todo”, “Cu-linaria”– para xerar confusións, diloxías e divertidas interpretacións. O humor é non en van un dos ingredientes fundamentais dun libro no que as hipérboles, as parodias e as desmitificacións conseguen crear un distanciamento capaz de previr calquera transcendencia. *Corazón e demais tripas* é, entre outras cousas, un libro divertido que achega intertextualidades lúdicas, parodias e desmitificadoras maneiras de abordar prácticas eróticas unhas veces lexitimadas outras condenadas. Máis que unha obra que revitalice a literatura erótica galega vexo en *Corazón e demais tripas* unha interesante experimentación tanto no erotismo en si como na extensa obra de Emma Pedreira.



***Corazón...* constitúe unha boa mostra da vigorosidade, e tamén da diversidade, do discurso literario de Emma Pedreira. Aínda non sendo o erotismo nin a narrativa elementos alleos á súa obra, conxúgaos con mestría neste novo libro que ofrece unha colección de relatos só en aparencia inconexos pero que conforman un universo narrativo sólido.**


Historia do Batallón Galicia

NOVELA O Consello Soberano de Asturias e León, fundado en 1936, e a historia do Batallón Galicia forman o centro da naración de Cristóbal Ruitiña.

John Thompson **Texto**

A través da novela *El Batallón Galicia* (2015), Cristóbal Ruitiña realiza a súa primeira incursión na memoria histórica; recrea unha parcela da historia da guerra civil—o Consello Soberano de Asturias e León—que moi pouco se tratou na narrativa española. Cando se fundou o Exército Popular en setembro, 1936, a zona republicana do norte decidiu romper co goberno republicano—e polo tanto con Stalin—coa esperanza de que as Nacións Unidas recoñecesen esta rexión como un país independente e, xa que logo, interviñesen para parar a ofensiva fascista. Da mesma maneira que as purgas estalinistas foron, e seguen a ser, un tema tabú nos ámbitos republicanos, tamén o é o Consello Soberano por dar as costas ao goberno republicano. É moito máis conveniente salientar a Revolución de Asturias do 1934 na que todas as forzas de esquerda loitaron xuntas en contra do goberno reaccionario do “Bienio Negro.”

A novela percorre a andaina heroica e trágica do Batallón Galicia e do seu comandante, José Moreno Torres, anarquista coruñés que fuxiu por mar e chegou con vinte e dous homes a Xixón o sete de xaneiro de 1937. Ao comandante Moreno, esta cidade “[r]ecórdame en parte á Coruña d’antías del Golpe, pro, sobre todo, á Coruña qu’él soñara” (77). A narración insírese no moi coñecido subxénero da *nueva novela histórica*, que arrincou en España no segundo lustro dos 1990, e chegou ao seu cume con obras como *Enterrar a los muertos* (2005) de Ignacio Martínez de Pisón ou *Mala gente que camina* (2006) de Benjamín Prado. Os fundadores deste



El Batallón Galicia
Cristóbal Ruitiña
Impronta, 2015

O autor recrea unha parcela da guerra civil—o Consello Soberano de Asturias e León—que moi pouco se tratou na narrativa española. A novela percorre a andaina heroica e trágica do Batallón Galicia e do seu comandante, José Moreno Torres, anarquista coruñés que fuxiu por mar e chegou con vinte e dous homes a Xixón o sete de xaneiro de 1937.

subxénero son, as máis das veces, autores da terceira xeración—os netos das testemuñas directas—que, ao non viviren os feitos, adquiriron os seus coñecementos deles a través dos libros, dos filmes e das memorias orais e escritas. O rasgo máis destacábel da *nueva novela histórica* é a existencia de dous planos temporais: o pasado das figuras e dos acontecementos recreados, e un presente desde o cal un personaxe investiga o pasado. Neste subxénero a propia investigación—a metodoloxía, os desafíos e os obstáculos aos que se enfrenta o personaxe principal—acada tanto interese como os eventos narrados.

O protagonista-investigador n’*El Batallón* é un licenciado en Historia que se atopa no desemprego malia aprobar as oposicións para profesor de Instituto o ano anterior. Trátase dun personaxe que o lector recoñece facilmente, pois é produto da sociedade española actual que, presa das políticas neoliberais, non ofrece un futuro aos seus cidadáns e, sobre todo, á xente nova que se ve obrigada a emigrar para poder sobrevivir. Así e todo, o protagonista consegue unha bolsa para ir á súa aldea natal—Penafonte, Asturias, que fica a cinco quilómetros da raia administrativa con Galiza—para levar a cabo unha investigación da toponimia local. A súa tarefa é entrevistar, durante dúas semanas, os anciáns que lembran os nomes non castelanizados.

Porén, ao chegar a Penafonte, Jaime Souto (o protagonista) é distraído de tal xeito que desiste do proxecto. Cando pregunta polo sabio Faustino, un señor duns noventa e cinco anos que de toponimia sabe moito, un veci-



Milicianos leais á República, cerca de Luarca.

ño comunícalle que está no Garabocho, onde están a exhumar foxas comúns nas que repousan os corpos do comandante Moreno e os outros homes do Batallón Galicia. Jaime, sorprendido e atordoado pola nova, confesa que o único que sabe de Moreno é a cantiga que recitara seu pai un verán no que pasaban as vacacións en Penafonte: “Daquela, non me fundara muito naquel conto. Pouco máis ou menos el que me fundara nas historias sobre tesouros enterrados polos mouros en Valabilleiro” (16).

Entón a viaxe ás raíces das palabras convértese axiña nunha viaxe aos crimes soterrados polo franquismo e esquecidos polo réxime do 1978. As exhumacións xogan un papel determinante na historia, dado que os arqueólogos entran en contacto co protagonista e envólveno na súa causa. Cando intervén a policía e para as escavacións, debido a unha suposta rede de tráfico de artefactos romanos, María Veiga, resoluto e atraída por Jaime, suplicálle a este que escriba sobre Moreno: “Nun deixes qu’el noso trabayo quede en nada, que volvan ganar os d’arriba” (62). Contra a súa vontade,


Jaime decide investigar o Batallón Galicia e produce un manuscrito historiográfico que presenta, sen éxito, a varios premios. Tampouco ten sorte cando converte o material nun relato, de maneira que acaba por enviar o texto, inédito, ao misterioso destinatario da narración cuxa identidade non se revela até a terceira (e última) parte.

A segunda parte da novela é a máis histórica; arrinca coa volta a Galiza—ao se declarar a Segunda República—de José Moreno Torres da emigración nos EUA, e percorre a súa traxectoria anarquista na Coruña, a súa fuxida a Asturias ao caer Galiza nas gadoupas do franquismo, a vida en Xixón e as loitas na fronte de batalla. O ritmo da narración vai in crescendo a medida que a guerra se perde, Asturias cae e Moreno foxe novamente, esta vez de volta a Galiza. O obxectivo para el e os seus homes é chegar á Coruña onde as redes anarquistas de mariñeiros os poderán axudar a escapar outra vez. Mais son traizoados no Acevo por uns taberneiros que avisan os falanxistas. Todos os fuxidos son asasinados e Moreno é brutalmente torturado durante horas até a súa morte. A narración é

directa e mergulla o lector no inferno de frío, lama e fame que sufriron durante meses antes do violento final.

O texto torna ao presente ao iniciar a terceira parte e descubrimos quen é o “tu” enigmático que reaparece ao longo da historia. Mentres que na *nueva novela histórica* o lector é case sempre o destinatario implícito, un dos achados desta obra é crear un receptor que, ao se destapar a súa identidade, inxecta unha emoción que leva o lector a se identificar máis co narrador, experimentar máis empatía por el e pasar por alto os seus defectos (a súa pasividade, a súa dependencia do pai, etc). A vida do protagonista devén máis complexa e rica, o cal nos leva tamén a sentirmonos máis conectados cos eventos e figuras representadas. As narracións que combinan planos do presente e do pasado, sexan de *nueva novela histórica* ou non, son especialmente efectivas á hora de demostrar a relevancia do pasado nas nosas vidas.

Outro achado da novela que cômpre mencionar son as varias alusións aos medios de comunicación—principalmente a televisión—que trivializan a Historia. Non puideron evitar pensar en



Milicias populares con armamento arrebatado ás tropas franquistas, agosto de 1936.

Desfeita de Camilo Gonsar, probablemente a primeira *nueva novela histórica* de España. Publicada en 1986, Gonsar adiantou por máis dunha década o cultivo deste subxénero no resto do Estado. Mais, se as referencias á televisión nesta novela fan fincapé nos efectos amnésicos que produce este instrumento clave de adoutramento ao servizo do capitalismo tardío, *El Batallón Galicia* leva esta crítica a outro nivel. Unha pasaxe particularmente indicativa é cando María Veiga, a arqueóloga da ARMH, e Jaime entran nun bar para falaren sobre as exhumacións. A súa conversa é interrompida pola televisión: “No fondo del bar, como un xigante solitario, un televisor sin voz vomitaba imáxenes das consecuencias d’ua enchentada ou d’un terremoto” (39). Unha das falacias verbo do franquismo que os poderes fácticos seguen a difundir é aquela que equipara as vítimas do exterminio franquista con desastres naturais. A propia Lei de Memoria Histórica aprobada no 2007, que rexeita a identificación e axuizamento dos vitimarios, contribúe a esta distorsión. Ao longo da novela de Ruitiña, existen pasaxes semellantes nas que unha discusión ou reflexión sobre a memoria histórica é interrompida por unha noticia televisiva acerca

dunha castástrofe natural ou un accidente. Escenificase, daquela, o constante bombardeamento mediático que reforza a devandita deturpación.

A única crítica que lle faría á obra é o segmento final (unhas trinta páxinas) no que o narrador relata a historia do seu avó. Aínda que interesante e moi relevante—o autor descubriu durante as pescudas que fixo para a novela que seu avó formara parte do Batallón Galicia—, tal como está colocado este segmento rompe o ritmo da narración. O meu consello para a segunda edición do libro sería integrar este fragmento na segunda parte que narra a historia do Batallón Galicia, xa que son en gran medida a mesma historia. A hipótese fascinante que baralla o autor é que Moreno e os seus homes decidiron atravesar polas montañas entre Asturias e Galiza porque seu avó coñecía esa zona.

Por último, suxeriría ao autor que cando sacar a segunda edición, considerase usar a normativa oficial do galego e non o estándar da ALLA (Academia de la Llingua Asturiana). Esta normativa emprega unha grafía bablitzante con decidida vontade de desvencellar o galego do Eo-Navia (o galego asturiano) do galego de Galiza. Admite tamén castelanismos

a oito: “siya,” “periódico,” “fecha,” “rodiya,” “dudar,” “señalar,” “ganar,” entre moitos outros. As roupaxes gráficas encerran unha concepción de nación, ou cando menos comunidade. A posición da ALLA alimenta o nacionalismo español en Asturias, unha especie de blaverismo no norte mentres que os medios de comunicación asturianos enchen máis páxinas cos supostos intentos de “galeguización” do Eo-Navia que coa clara castelaniación que se vai producindo no resto de Asturias.

O certo é que a novela gañaría moito sen ter que renunciar ás particularidades dialectais do eonaviego. O galego normativo permite o uso de palabras e expresións típicas de calquera variante do galego, como se pode apreciar na novela *Pensa nao* (1999) de Anxo Angueira que, ambientada tamén na guerra civil, está escrita no dialecto do concello de Dodro. *El Batallón* ten o mérito de ser a terceira novela publicada en galego asturiano, e a primeira nesta variante cuxa historia se desenvolve na Segunda República e na guerra civil española. Porén, a novela dificilmente terá mercado en Galiza se non amosar unha vontade de ser galega e se desvencellar do bable e do castelán.